



Reunido o pleno do Comité Galego de Xustiza Deportiva o 2 de decembro de 2022 e previo exame do recurso, adopta o seguinte acordo,

### **Expediente electoral 230/2022**

#### **ANTECEDENTES**

PRIMEIRO. O 10.11.2022, Yago Lanzós Gesto, membro electo da Asemblea Xeral da Federación Galega de Tiro Olímpico (FEGATO), presenta con entrada no rexistro do Comité Galego de Xustiza Deportiva o 11.11.2022 e núm. 357, un recurso contra a proclamación provisional do Presidente e membros da Comisión Delegada da dita federación.

Basea o recurso, de xeito resumido, nos seguintes feitos e alegacións:

I.- O 7 de novembro de 2022 a Xunta electoral da FEGATO acordou a proclamación provisional do Presidente e dos membros da Comisión Delegada tralas votacións do 5 de novembro.

II.- No artigo 24 do Regulamento Electoral establece que o presidente será elixido polos membros da Asemblea Xeral presentes no momento da elección. Malia o establecido neste artigo, nas eleccións do día 5 admitiuse o voto dun asembleario por medios electrónicos

III.- Unha vez iniciada a votación, no momento de ser chamados para depositar o voto, a mesa electoral deixou a sala portando un equipo informático, e dirixiuse a un cuarto anexo, fora da vista dos electores e da xunta electoral, no que se lle comunicou o sentido do voto do asembleísta e o consignaron nunha papeleta.

Esto incumpre o requisito de que o voto sea segredo de acordo co artigo 24 do regulamento electoral e de que todo o proceso sea transparente.

IV.- Houbo empate de votos na eleccións de membros da comisión delegada e realizouse unha nova votación sin que estiveran presentes todos os membros con dereito a voto. (Algúns xa marcharan da sala de votacións).

O recorrente solicita que se repitan as votacións a Presidente e a Comisión Delegada da Federación Galega de Tiro Olímpico, estando presentes todos os electores na sala e cumprindo todos requisitos da normativa electoral

SEGUNDO. O 14/11/2022 a Xunta Electoral da FEGATO deu traslado do recurso ao CGXD, acompañado dun informe no que, de xeito resumido, informan que :





- Que o día 5 de novembro se constituiu a asemblea da FEGATO na que se procedió, en primer lugar, a constitución da mesa electoral con seus integrantes previamente designados polo sorteo e posteriormente se procedeu a elección do Presidente e os membros de la Comisión Delegada.

Das actas da mesa electoral sinalar que o apartado de alegacións e/ou impugnacións ao desenvolvemento da asemblea quedou deserto pois ningún dos asistentes formulou objeción algunha á mesma pese ao chamamento efectuado nese sentido pola propia mesa electoral. Recibidas pola Xunta Electoral os resultados das votacións á Presidencia e á Comisión Delegada se procedeu á proclamación provisional do Presidente e da Comisión Delegada.

- Certo que houbo unha asistencia telemática á asemblea aceptada pola Xunta Electoral tras recibir unha petición previa en tal sentido e por atoparse ausente de Galicia por motivos xustificadas. Que se puxo de manifesto a todos os demais asistentes, con carácter previo ao comezo da Asemblea, explicándolles tanto o sistema telemático de asistencia como de votación dese asembleísta.

- Certo que se identificou pola mesa electoral a este asistente sen ningún xénero de dúbidas e certo que estivo conectado durante todo o desenvolvemento da asemblea tanto por imaxe como por son, e que emitiu o seu voto ante os membros da mesa electoral nunha habitación contigua á Asemblea.

- Certo que a asistencia presencial física e a telemática esta equiparada para todos os efectos a condición de que pola Secretaría da Asemblea poida acreditarse a identidade do comparecente de maneira telemática e conste en acta aqueles que asisten de maneira telemática por aplicación da normativa reguladora do procedemento administrativo, arts. 14.1 da Lei 39/2015 e 17 da Lei 40/2015.

- Certo que na elección polo estamento de entidades deportivas para a Comisión Delegada houbo empate que resolveu de acordo co disposto no artigo 25.3 do Regulamento cunha nova votación entre os candidatos empatados; e certo que algúns electores abandonaron a sala sin participar na segunda votación. A Xunta Electoral descoñece si eses electores coñecían a posibilidade de efectuar unha segunda votación en caso de empate entre candidatos.

**TERCEIRO:** O resultado da votación á Presidencia foi o seguinte: Julio Rivas Iglesias 20 votos. O outro candidato que non se menciona na acta n.º 1/2022 da mesa electoral polo seu nome 19 votos.

**CUARTO:** O pleno do CGXD, na súa reunión do 17 de novembro 2022 admitiu a trámite o recurso designando relator a don Jorge Barros de la Peña e se lle solicitou que presentara os escritos ou documentación que estimaran conveniente e, por quen corresponda, remitiran informe sobre o fondo do asunto.





QUINTO: O 18 de novembro a xunta electoral da FEGATO remite certificado solicitado nos seguintes términos.

“Que el elector que asitió de manera telemática a la asamblea del pasado día 5 de noviembre y voto a la presidencia, D. Carlos Casares Villamayor, perteneciente al estamento de árbitros y DNI XXXX5296X no lo hizo a la Comisión Delegada por no ser necesaria esta votación al concurrir un unico candidato por el citado estamento siendo proclamado sin mas trámite tal y como se desprende de las actas de votaciones”.

SEXTO: Foi relator D. Jorge Barros de la Peña

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS.

### PRIMEIRO.- Competencia e procedemento.

O artigo 87 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, contempla entre as materias ás que se estende a xurisdición deportiva todas aquelas cuestións que se poidan suscitar no denominado ámbito electoral. O artigo 88 da devandita Lei establece que no ámbito electoral a xurisdición deportiva comprende o coñecemento e resolución dos recursos que se formulen contra as decisións que se adopten nos procesos electorais das federacións deportivas.

Asemade, o exercicio da xurisdición deportiva no ámbito electoral corresponde ás xuntas electorais das federacións deportivas e ao Comité Galego de Xustiza Deportiva de conformidade con sinalado na Lei do Deporte de Galicia, nos seus regulamentos de desenvolvemento e nos estatutos e regulamentos federativos.

No que se refire a este Comité o Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas, modificado polo Decreto 171/2021, cando regula os recursos que caben fronte as resolucións que se adopten ao longo dun proceso electoral, dispón no seu artigo 51.5 que o Comité coñecerá, en última instancia administrativa, dos recursos que se interpoñan contra o acordo de convocatoria das eleccións, o calendario electoral, a composición da xunta electoral, o censo electoral provisional e definitivo, **as resolución das comisións xestoras e xuntas electorais** e restantes cuestións previstas no decreto. Ademais conforme ao artigo 39. 9. do Decreto 16/2018, do 15 de febreiro *“Unha vez rematada a elección, a Secretaría da mesa electoral redactará a acta correspondente, que se exporá ao día seguinte no taboleiro de anuncios da federación, así como na páxina web da federación, nunha sección denominada “procesos electorais”, xunto coa resolución da xunta electoral da proclamación provisional da persoa elixida presidenta da federación deportiva, ou na páxina web do órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte para o caso de federacións que non teñan páxina web. Contra a resolución da xunta electoral caberá interpor, no prazo de tres días hábiles, recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.”*





De conformidade co exposto, este Comité é competente para coñecer deste.

#### SEGUNDO. – **Lexitimación.**

O recorrente Yago Lanzós Gesto como membro electo da Asemblea Xeral da Federación Galega de Tiro Olímpico está lexitimado para interpoñer o recurso.

#### TERCEIRO. – **Temporalidade do recurso.**

O prazo para a interposición do presente recurso é de tres días contados desde o seguinte ao da notificación da resolución obxecto de recurso. A resolución recorrida é do 7 de novembro e o recurso foi presentado o 10 de novembro polo que o recurso debe entenderse interposto en prazo.

#### CUARTO. – **Obxecto e pretensión do recurso.**

O obxecto do recurso é dobre a repetición das votacións a Presidente e a Comisión Delegada da Federación Galega de Tiro Olímpico aínda que por motivos distintos a primeira porque o voto non foi segredo e a segunda porque non estiveron presentes todos os electores.

#### QUINTO. – **Consideracións do Comité.**

O recorrente basea a súa pretensión de anulación da votación á presidencia da FEGATO en que o voto telemático non é segredo.

Para a correcta resolución do presente recurso resulta necesaria a exposición da normativa electoral que este Comité entende que resulta de aplicación.

En relación co voto dos assembleistas o artigo 39 do Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas, modificado polo Decreto 171/2021, que regula a elección da presidencia da federación dispón

*"1. Na sesión constitutiva da asemblea xeral procederase á elección da presidencia da federación.*

*2. O voto das persoas membros da asemblea xeral será único, persoal, directo e **secreto**; non se admitirá o voto por correo nin a delegación de voto.*

*(..)*

*6. Na primeira votación son elixibles todas as persoas candidatas da lista definitiva. Aquelas que obteñan un mínimo do 10 % dos votos das persoas membro **presentes** pasarán á seguinte votación. No suposto de que ningunha candidatura acade o 10 % dos votos das persoas membro **presentes**, pasarán á seguinte votación aquelas dúas candidaturas que contan cun maior número de votos. No suposto en que soamente sexa unha candidatura a que obteña o 10 %*





*dos votos das persoas membro **presentes**, pasará tamén á seguinte votación a seguinte ou seguintes, en caso de empates, candidaturas en número de votos. Se algunha candidatura acada a maioría absoluta dos votos nesta primeira votación, será proclamada presidenta da federación.*

*(...)*

*9. Unha vez rematada a elección, a Secretaría da mesa electoral redactará a acta correspondente, que se exporá ao día seguinte no taboleiro de anuncios da federación, así como na páxina web da federación, nunha sección denominada "procesos electorais", xunto coa resolución da xunta electoral da proclamación provisional da persoa elixida presidenta da federación deportiva, ou na páxina web do órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte para o caso de federacións que non teñan páxina web. Contra a resolución da xunta electoral caberá interpor, no prazo de tres días hábiles, recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva."*

E o artigo 33 do devandito decreto 16/2018 dispón

*"1. O número de membros da asemblea xeral fixarase no regulamento electoral da federación respectando o disposto nos estatutos federativos.*

*2. Estas persoas serán elixidas cada catro anos mediante sufraxio libre, igual, directo e **secreto**, salvo a singularidade prevista para o estamento de entidades deportivas, por e entre as persoas compoñentes de cada estamento de conformidade co número e as porcentaxes de representación que se establecen neste decreto e que deberán singularizarse unha vez elaborado o censo electoral definitivo por estamentos.*

*(...)*

*5. **Non cabe a representación das persoas físicas.***

*6. **Ningunha persoa membro da asemblea poderá desempeñar unha dobre representación nesta.***

*(...)"*

Os artigos 18 e 24 do Regulamento electoral para a elección a membros da Asemblea Xeral, Presidente e Comisión Delegada da Federación Galega de Tiro Olímpico conteñen un mandato similar ao recollido nos artigos 33 e 39 do Decreto 16/2018.

De conformidade cos mesmos, aos efectos do presente recurso, conclúese que o voto das persoas membros da asemblea xeral á presidencia da FEGATO debe ser único, persoal, directo e secreto.

Tanto o decreto como o regulamento electoral coinciden en establecer que o voto das persoas membros da asemblea xeral será único, persoal, directo e secreto para engadir que non se admitirá o voto por correo nin a delegación de voto e tampouco cabe a representación das persoas físicas.





Procede analizar se o voto telemático emitido e obxecto de controversia e persoal e secreto. Aínda que nin na acta 1/2022 da mesa electoral nin do informe da xunta electoral pode saberse con certeza absoluta como foi o voto "telemático" de Carlos Casares Villamayor, parece deducirse que os tres membros da mesa electoral no momento da emisión do voto trasladáronse a unha habitación contigua escoitaron o sentido do voto de Carlos Casares Villamayor e cubriron a papeleta correspondente que posteriormente introduciron na urna.

Que o voto é persoal significa que debe ser emitido por quen ten o dereito de sufraxio activo, por eso a normativa electoral, tanto o Decreto 16/2018 como o regulamento electoral da FEGATO, non permite nin o voto por representación das persoas físicas nin a delegación de voto. Este "voto telemático" non pode considerarse persoal senón máis ben debe considerarse un voto interposto pois foi emitido pola mesa electoral e o sentido da normativa electoral é prohibir o voto interposto ao non admitir nin a delegación de voto nin a representación das persoas físicas.

Que o voto é secreto significa que só a persoa electora pode saber o sentido do seu voto. O carácter secreto do voto é o que garante a emisión libre do voto nunha elección. Pero é evidente que o voto de Carlos Casares Villamayor non foi secreto pois tiveron que coñecelo as persoas da mesa electoral para a súa introdución na urna.

Por último no voto "telemático" de Carlos Casares Villamayor non queda constancia de que a cadea de custodia do voto estivese garantida de xeito que o voto emitido nunha habitación fora da sede física da asemblea fose o voto introducido na urna.

En conclusión, o voto de Carlos Casares Villamayor non foi nin persoal nin secreto polo que debe anularse e dado que este voto nulo vicia toda votación debe procederse á repetición da votación á presidencia da FEGATO.

Por outra banda, o recorrente basea a súa pretensión de anulación da votación á membro da Comisión Delegada en que houbo empate de votos na eleccións de membros da comisión delegada e realizouse unha nova votación para resolver o empate sin que estiveran presentes todos os membros con dereito a voto pois algúns xa marcharan da sala de votacións. Non pode estimarse esta pretensión pois este Comité quere recordar ao recorrente que non existe nin obrigatoriedade de asistir á asemblea xeral, nin de votar en tódolos puntos dunha asemblea nin de permanecer na asemblea en todo momento. Foi opción voluntaria deses electores ausentarse da asemblea xeral no momento en que consideraron oportuno e non pode arrogarse o recorrente a interpretación de que si houberan sabido que había desempate se houberan quedado.

En virtude de todo o exposto,

O PLENO DO COMITÉ GALEGO DE XUSTIZA DEPORTIVA, por unanimidade, **ACORDA**





**Estimar parcialmente** o recurso formulado por don Yago Lanzós Gesto e anular a votación á presidencia da FEGATO e desestimar a pretensión da repetición da votación a membros da comisión delegada estando presentes todos os asembleístas.

## RECURSOS

Contra o presente acordo non cabe recurso administrativo algún (artigo 63.7 Decreto 120/2013), se ben poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da notificación da presente resolución, de conformidade co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Dona Teresa Carrera Babarro, secretaria do Comité Galego de Xustiza Deportiva,

## CERTIFICO:

Que no Pleno do devandito Comité en sesión celebrada o día 2 de decembro de 2022 na cidade de Santiago de Compostela, se acordou a referida resolución, o que lle notifico a Vde. na súa condición de parte interesada para o seu debido coñecemento e cumprimento.

En Santiago de Compostela.

